

Recordatorio de deberes legais á Consellería de Infraestruturas de que a Administración debe ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, respectando os prazos previstos na lexislación e recomendación de proceder á resolución do recurso de alzada presentado pola persoa interesada.

Expediente: B.10.Q/3996/23

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX.

No seu escrito, esencialmente, expón que a Axencia Galega de Infraestruturas ten pendente de resolver un recurso de alzada presentado en data 17 de marzo de 2022 correspondente ao expediente RA/AXI/CIM/2022/8.

ANTECEDENTES

Presentada unha primeira queixa diante da Valedora do Pobo, tramitouse expediente M.8.Q/9521/22 no que figura un informe da Axencia Galega de Infraestruturas no que se indica que se ía a pronunciar resolución o máis axiña posible, polo que se arquivou o expediente de queixa con data 23 de xaneiro de 2023.

Dado que a Administración seguía sen resolver, a interesada presentou nova queixa que se admitiu a trámite e requiriuse informe a esa Consellería con datas 29/03/23; 05/05/23; 06/06/23; 29/11/23 e 23/01/24.

No informe achegado pola Administración sinálase, esencialmente, o seguinte:

1.- Con data 17/03/22 a interesada presentou recurso de alzada contra a resolución de 18/02/22 emitida polo Servizo Provincial da AXI, polo que se lle outorgou calidade de interesada no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas para acceso sobre beirarrúa ao garaxe o inmovible sito no punto quilométrico XXX marxe esquerda da estrada PO-323 no Concello de Vigo (XXX, XX). Dito expediente deuse de alta no sistema de xestión co código RA/AXI/CIM/2022/8.

2.- O día 20/06/22 foi remitido aos Servizos Centrais da Consellería o informe técnico solicitado pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo, así como a copia do expediente da autorización que dera lugar á resolución recorrida.

3.- O día 22/06/22 a interesada achega novas alegacións para que sexan tidas en conta.

4.- NO DOG número 201 de 21 de outubro de 2022 publícase o Acordo da información pública e de informe das administracións afectadas e definitivamente o *proxecto de construción para a humanización da PO-323 no termo municipal de Vigo, primeira fase*. Dito proxecto afecta ao punto quilométrico onde se sitúa o acceso ao garaxe.

5.- Contra dito acordo interpuxo a interesada recurso contencioso-administrativo ante o TSXG o que deu lugar ao expediente PO 7384/2022. O 20/02/2023 foi remitido ao TSXG o expediente administrativo completo.

6.- O día 06/06/23 requírese desa Administración que remita ao TSXG a documentación interesada pola recorrente, achega que se realiza con data 11/10/23.

7.- Infórmase que debido ao importante volume de asuntos que teñen entrado no departamento demorouse a resolución do recurso, en cuxa resposta tense en conta o sinalado no artigo 71.2 da Lei 39/2015, respecto da orde de incoación dos asuntos.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Como cuestión previa, cómpre sinalar, en relación ao fondo do asunto que provocou a presentación do recurso de alzada por parte da interesada, que esta institución non se pronuncia dado que está pendente da intervención do TSXG.

SEGUNDO. O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos

interesados con indicación de-se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

O artigo 103.1 da Constitución Española esixe das Administracións Públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda, entre elas, o deber da Administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

O artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, establece que toda persoa ten dereito a que as institucións, órganos e organismos da Unión traten os seus asuntos imparcial e equitativamente e dentro dun prazo razoable, polo que as Administracións deben dar resposta no marco do dereito a unha boa administración, ás solicitudes dos interesados.

O artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece de forma clara a obriga da Administración de pronunciar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

TERCEIRO. Aduce a administración para explicar a falta de resolución do recurso formulado pola interesada, a acumulación de traballo que soporta a unidade administrativa encargada da súa tramitación, fronte ao que é necesario lembrar que de conformidade co disposto no artigo 20 da referida Lei 39/2015, os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos, dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos. A maiores, cómpre lembrar que o prazo legal para a resolución dun recurso de alzada é de tres meses e que neste caso a interesada presentou o recurso hai máis de dous anos.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Constitución Española e no artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao Dereito, polo que que, aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse a Axencia para facer fronte ao exercicio das súas competencias, non pode ser óbice para a inobservancia da tramitación dos expedientes nos prazos legalmente establecidos.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, respectando os prazos previstos na lexislación.

E a seguinte **recomendación**:

En atención ás consideracións realizadas, proceder á resolución do recurso de alzada presentado pola interesada o 17 de marzo de 2022.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta-se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo